



## Ponse en marcha a Rede RIES

*O catedrático Santos Rego coordina seis grupos de investigación das Universidades de Santiago de Compostela e Vigo*

Seis Grupos de Investigación das Universidades de Santiago de Compostela e Vigo con varios Premios Nacionais de Investigación ás súas costas, veñen de crear en novembro de 2011 a Rede de Investigación RIES (Rede de Inmigración, Educación e Sociedade), coordinada por Miguel Ángel Santos Rego, Catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, e integrada por homes e mulleres cunha ampla traxectoria académica e experiencia investigadora. Nela están presentes tamén xoves investigadores que están a realizar as súas teses doutorais ou que están asociados a contratos de investigación.

Algúns destes grupos traballan desde diferentes ópticas temas vencellados á emigración e á inmigración, como a integración desde o ámbito familiar, escolar e social, formación integral laboral, procesos de adquisición de segundas linguas ou avaliación de programas.

Entre os obxectivos da Rede destacan o deseño de vías de intervención e desenvolvemento educativo para mellorar a inclusión social das persoas procedentes da inmigración, xunto á avaliación da calidade de plans, proxectos, programas e servizos vinculados á inserción social da poboación inmigrante. Finalmente, será obxecto da súa atención principal a evolución dos actuais fluxos migratorios e a súa radiografía educativa no contexto da grande crise económica que estamos a experimentar.

*Os integrantes da Rede presentan unha ampla traxectoria investigadora*

” ”

## SUMARIO

### PÁXINA 2

Carta de Benvida do Coordinador xeral

### PÁXINA 3

Entrevista co reitor J.J. Casares Long (USC)



### PÁXINA 5

Experiencia Investigadora

*Deseño e Avaliación dun Programa para a mellora do rendemento educativo do alumnado inmigrante*

### PÁXINA 7

Experiencia Educativa

*Proxecto Interreg no IES Cidade de Antioquía de Xinzo de Limia*

### PÁXINA 9

Propostas educativas

### PÁXINA 10

Actividades de interese

### PÁXINA 11

Novidades editoriais

### PÁXINA 12

Lexislación Educativa e Vindeiras actividades da Rede



# *Un novo desafío*



*De esquerda a dereita os coordinadores dos seis grupos de investigación que constitúen a Rede RIES: María del Mar Lorenzo Moledo, Elena Fernández Rey, Margarita Pino Juste, Miguel Anxo Santos Rego (Coordinador), María Teresa Díaz García, Beatriz Cebreiro López e Antonio Florencio Rial Sánchez.*

**C**omo coordinador xeral deste Consorcio académico que demos en chamar RIES (Rede sobre Inmigración, Educación e Sociedade) fágome voceiro da ledicia, agradecemento e satisfacción dos grupos de investigación implicados, e dos seus compoñentes, por ter sido seleccionados entre as propostas mellor puntuadas de todas as que se presentaron á Convocatoria Autónoma de Redes e Consolidación de Grupos 2011. A teimuda confianza na potencialidade do proxecto, obxectivable na dilatada andaina universitaria, deriva de ideas e folgos mantidos a flote en conxunturas especialmente difíciles, de moito traballo frustrado, como o que a miúdo cómpre saber xestionar en perspectiva.

Unha Rede deste tipo, de temática tan aberta e complexa, malia a súa significación contextual, é sempre un novo desafío, pero tamén unha enorme oportunidade para dar mellor canle ás ideas, poñelas en valor social, activar os

operativos colexiados que sexan do caso, e xerar xinerxias para a investigación educativa como un todo e, por suposto, na que se ven facendo nos grupos que a forman.

A converxencia de intereses, e mesmo de ilusións, que latexa na cartografía da Rede será de seguro, o alicerce efectivo para seguir pescudando en tempos de tanta incertidume, persuadidos de que o mellor canle de saída para as crisis estruturais pasa, antes ou despois, polo fortalecemento dos procesos educativos que optimizan a convivencia, dan pulo ao coñecemento e alentan toda sorte de proxectos interculturais nunha era global.

**Miguel Anxo Santos Rego**  
**Coordinador da Rede de**  
**Investigación RIES**

# “Na USC defendemos e apostamos pola internacionalización”

## JUAN JOSÉ CASARES LONG

REITOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Juan José Casares Long tomou posesión do cargo ante o presidente da Xunta de Galicia Núñez Feijoo

*- Cal é o estado actual da investigación nas ciencias sociais e xurídicas?*

Supoño que se refire ao estado da investigación nas Ciencias Sociais e Xurídicas na Universidade de Santiago de Compostela. Teño que dicirlle que, sen dúbida, a nosa Universidade ten un enorme potencial investigador nesta área de coñecemento, na que temos titulacións nos Campus de Santiago e Lugo. Temos en Ciencias Sociais e Xurídicas uns 90 grupos de investigación a pleno rendemento, cuns 650 investigadores que son doutores con vinculación contractual estable coa USC. Ao longo de 2010 a USC obtivo, das diferentes fontes de financiamento, tanto públicas como privadas, preto de 70 millóns de euros para actividades de I+D+i en todas as grandes áreas de coñecemento, volume ao que contribuíron de xeito determinante os investigadores da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas, na que a máis, no mesmo ano, se defenderon 48 teses de doutoramento, máis do 22% das defendidas na USC.

Juan José Casares Long doutorouse en Química pola Universidade Autónoma de Barcelona e en Enxeñaría Química pola Universidade de Salford (Reino Unido). A mediados dos 80 traballou na Universidade do Petróleo e Minerais de Arabia Saudí, despois volveu a de Santiago de Compostela, onde é catedrático de Enxeñaría Química. Foi tamén catedrático das Universidades de Sevilla e de Cantabria.

Entre 1993 e 1997, foi director do Centro de Supercomputación de Galicia e tamén dirixiu o Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental da Xunta de Galicia (1997-2001), dende onde promoveu e impulsou o Servizo de Observación e Predición Meteorolóxica de Galicia (MeteoGalicia).

O profesor Casares Long tomou posesión do seu cargo como reitor da Universidade de Santiago de Compostela o 25 de xuño de 2010 lembrando que “estamos a vivir un momento histórico, determinado por un proceso de cambio que se diferencia de todos os anteriores na velocidade en que se produce” e anunciando o seu interese por facer da USC unha das mellores universidades do mundo, fomentando entre outros campos o da internacionalización.

*O Campus Vida deixou a condición de rexional para ser un Campus de Excelencia Internacional de ámbito global*

” ”

# “Enorme potencial investigador”

*- Como ve vostede a vinculación da Universidade en xeral e da USC en particular cos centros educativos e a sociedade civil?*

A Universidade de Santiago é un referente en Galicia, en Europa e en América Latina no eidos da Educación superior e da investigación, con moi boas relacións con todas aquelas institucións que teñen a mesma finalidade, nos seus respectivos ámbitos, e moi boas relacións tamén co mundo da industria e coas institucións públicas. Somos o referente principal de investigación en Galicia e como Universidade Pública, debémonos á sociedade. Temos a obriga de manter boas relacións cos cidadáns, é dicir, coa sociedade civil, porque a ela nos debemos, temos que servir e servimos.

*- Cal é o papel da Universidade en xeral coas migracións e o da USC, en particular?*

Galicia foi un país de homes e mulleres emigrantes. Durante moitos anos as galegas e galegos buscaban vida polo mundo, primeiro en América e máis adiante en Europa. Agora somos receptores de inmigrantes. No ano 2010 residían na nosa Comunidade 110 mil inmigrantes, procedentes de diversos países do mundo. Eu, que a miña familia materna é de orixe estranxeira, podo presumir de que a USC é a Universidade de todos e que o seu labor ten que redundar en beneficio de todos. En varios departamentos e institutos da Universidade estanse realizando permanentemente estudos sobre as migracións, feito que nos honra e que axuda a unha maior vinculación da Universidade coa contorna. Falo de grupos de investigación de todas as áreas de coñecemento, pero de modo especial dos grupos da área de Ciencias Sociais e Xurídicas. Citar como exemplo a Cátedra Unesco sobre Migracións e os traballos da profesora María José Rodríguez Galdo.

*- Hai trinta anos viñan á USC moitos estudantes dende América. Agora, a dinámica é totalmente diferente. ¿Cales poden ser os motivos deste descenso de estudantes?*

É certo con respecto a América do Norte. Hoxe en día concéntrase moito o estudantado estranxeiro en Europa grazas ao programa Erasmus, a países de latinoamérica a través de convenios bilaterais e convenios de intercambio de Fundacións como a Fundación Carolina, organismos estatais como AECID ou privados como o Santander Universidades, e con terceiros países a través dos programas Erasmus Mundus. Mantense con un número limitado algunhas actuacións con América do Norte, como o

programa ISEP. De feito, coordinamos ou participamos en 12 programas Erasmus Mundus, entre as diferentes accións do mesmo, en catro programas Tempus de cooperación internacional e os nosos profesores teñen obtido un número importante de proxectos de cooperación da AECID. Non hai que esquecer tampouco que entre estudantes saíntes e entrantes movemos preto de 2.500 alumnos/as ao ano e que un número importante de investigadores nos visita cada ano, sexa para traballar nunha tese doutoral, para facer investigación postdoutoral ou para cooperar con equipos da nosa universidade. Finalmente, contamos agora mesmo cun proxecto importante como o de campUSCulturae, unha aposta a prol das culturas do mundo, do entendemento multicultural e do fomento da diversidade e o pluralismo, que dirixe o profesor de Xornalismo Xosé Antonio Neira Cruz.

*- Que papel teñen as ciencias sociais no Campus Vida?*

O Campus Vida, en 2011, deixou a condición de rexional para ser un Campus de Excelencia Internacional de ámbito global, e aínda que a súa etiqueta está centrada nas ciencias da vida, parcela de grande interese para a Universidade e para Galicia, a excelencia é de toda a USC, e así todos os ámbitos de coñecemento, incluíndo as áreas de Ciencias Sociais, aproveitáronse o pasado ano das axudas acadadas a través de Campus Vida.

*Fálase da cooperación entre países, institucións e centros de todo o mundo, da creación de redes internacionais e da promoción da mobilidade de estudantes e profesores. ¿Está a USC nesta liña?*

A de Santiago de Compostela é unha Universidade con máis de cinco centos anos, está asentada en dúas cidades históricas e ten unha grande vocación de futuro, logo non pode desaproveitar ningunha das posibilidades de mobilidade que se lle presenten, de profesores, de estudantes e de Persoal da Administración e Servizos. Estamos entre as cincocentas mellores Universidades do mundo e defendemos a cooperación e o traballo en común como unha das formas máis eficaces para o avance, no terreo científico e tamén no social. Defendemos e apostamos pola internacionalización e estamos dispostos a intensificar os programas de intercambio e a mobilidade das persoas que forman parte da comunidade universitaria, sen límites xeográficos.

## EXPERIENCIA INVESTIGADORA

### DESEÑO E AVALIACIÓN DUN PROGRAMA PARA A MELLORA DO RENDEMENTO EDUCATIVO DO ALUMNADO INMIGRANTE

*Programas Sectoriais de Investigación Aplicada PEME I+D e I+D Suma 10SEC214042PR*

#### INTRODUCCIÓN

Na última década, e por enriba da actual crise económica, a España da emigración tense convertido na España da inmigración. A presenza cada vez máis evidente de estranxeiros, xunto co cambio producido nos seus proxectos migratorios (transformación de traballadores invitados en residentes permanentes) reflíctese con claridade nas aulas, onde a presenza deste alumnado ten axudado a paliar a mingua constante no número de matrículas por parte do autóctono.

A integración escolar e a mellora do rendemento académico do alumnado inmigrante tense convertido nun dos maiores desafíos para o noso sistema educativo. Proba diso son os datos de PISA: en todas as Comunidades que participaron en PISA 2006 os resultados dos inmigrantes son inferiores aos dos seus compañeiros nativos. Precisamente por iso, o Consello Europeo de marzo de 2008 pediu aos estados membros que melloren os niveis de aprendizaxe dos alumnos/as de orixe inmigrante, tendo en conta, sobre todo, o descenso nas cifras do alumnado de procedencia inmigrante nos niveis pos-obrigatorios. De feito, o abandono das escolas unha vez cumpridos os dezaseis anos, xunto coas

altas taxas de concentración do alumnado inmigrante, son dous dos principais problemas que debe afrontar o noso sistema educativo.

O interese por esta cuestión tense traducido nun incremento considerable dos estudos centrados na análise daquelas variables susceptibles de incidir, en maior ou menor medida, na traxectoria académica do alumnado non nacional. Aínda así, a investigación educativa no noso país amosa unha significativa carencia de traballos rigorosos en torno ao tema, sobre todo, cando se trata de deseñar e implementar programas co seu epicentro situado na mellora do rendemento académico do alumnado, pero tamén de atender aos distintos factores (individuais, familiares, escolares,...) que poden proporcionar maiores posibilidades de éxito ao alumnado inmigrante.

O noso punto de partida é claro: éxito e fracaso escolar son realidades vinculadas tanto a variables que teñen que ver co contexto escolar, como con outras situadas na contorna social e cultural do alumnado, sendo aí onde o influxo da familia semella ter unha crucial importancia. En consecuencia, na nosa investigación traballamos con nenos e nenas de familias inmigrantes e de familias autóctonas.

#### G.I. 1790 ESCULCA

*Miguel A. Santos Rego (Dir.)*

*Mar Lorenzo Moledo*

*Agustín Godás Otero*

*Marcial Gondar Portasany*

*Diana Priegue Caamaño*

*Julia Crespo Comesaña*

*Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez*

*Patricia Gamallo Lama*

*Margarita Lobato García*

*Francisco Cernadas Castro*

*Cristina Varela Portela*

*Alexandre Sotelino Losada*

*M<sup>a</sup> Del Carmen Cambeiro Lourido*

*Carlos Alberto Pereira Casal*

*Ainhoa Rodríguez Fernández*

*Anxela Murillo Casas*

## OBXECTIVOS

O obxectivo principal de investigación é avaliar un programa socioeducativo para a mellora do rendemento escolar dos alumnos/as procedentes da inmigración no Ensino Secundario Obrigatorio (1º e 2º) en centros educativos de Galicia.

Os Obxectivos específicos

### 1. Estudar o rendemento escolar dos nenos e nenas procedentes da inmigración a través da identificación das variables de éxito/fracaso escolar.

- Analizar o rendemento escolar dos nenos e nenas procedentes da inmigración en 1º e 2º curso de ESO nas escolas de Galicia.

- Estudar os factores que maior incidencia poden ter no rendemento escolar dos fillos/as de familias inmigrantes considerando variables culturais, sociais e ligadas ao centro.

- Coñecer a representación e valoración que fan as familias inmigrantes da escola e o rendemento académico dos seus fillos e fillas na mesma.

- Averiguar en que medida ten afectado a presenza de alumnos/as procedentes da inmigración ao cambio de perspectiva do profesorado sobre o seu rol docente.

- Estudar como a cultura do centro escolar e a súa relación coa comunidade pode incidir no rendemento escolar dos alumnos e alumnas inmigrantes.

- Identificar os determinantes do rendemento académico referidos ao alumnado, aos centros escolares, ao profesorado e ás familias nas materias de Ciencias da Natureza, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, e Matemáticas.

### 2. Diseñar, desenvolver e avaliar un programa de intervención pedagóxica

- Estudar a relación entre as TIC e o desenvolvemento efectivo de programas centrados na mellora do rendemento académico do alumnado.

- Diseñar, implementar e avaliar un programa de intervención pedagóxica susceptible de optimizar as estratexias que modulan a aprendizaxe dos alumnos/as tanto no contexto escolar como familiar, co obxecto de mellorar os resultados académicos e elevar as súas expectativas de éxito educativo.

## DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

A investigación componse de tres partes diferenciadas pero complementarias. Na primeira levarase a cabo un estudo descritivo das variables (familiares, escolares e individuais) que inflúen no rendemento escolar do alumnado inmigrante para logo comparalo co dos seus compañeiros e compañeiras da poboación autóctona (diferenzas intergrupo) e entre o alumnado de orixe inmigrante segundo área xeopolítica de procedencia (diferenzas intragrupo); na segunda deseñárase un programa socio-educativo orientado á optimización do rendemento escolar dos alumnos/as procedentes da inmigración no Ensino Secundario Obrigatorio (1º e 2º) en centros educativos de Galicia; e na terceira e última parte levarase a cabo a implementación e avaliación do devandito programa (estudo experimental).

## BIBLIOGRAFÍA

Aguado Odina, M.T. (coord.) (2010). Diversidad cultural y logros de los estudiantes en educación obligatoria. Lo que sucede en las escuelas. Madrid, IFIIE-Ministerio de Educación.

Calero, J. (dir.) (2010). El rendimiento educativo del alumnado inmigrante analizado a través de PISA-2006. Madrid, IFIIE-Ministerio de Educación.

Santos Rego, M.A.; Crespo Comesaña, J.; Lorenzo Moledo, M. y Godás Otero, A. (2012). Escuelas e Inmigración en España. Es inevitable la segregación? Cultura y Educación (en prensa).

## EXPERIENCIA EDUCATIVA

### PROXECTO INTERREG NO IES CIDADE DE ANTIOQUÍA DE XINZO DE LIMIA (OURENSE)

*IP: María José Méndez Lois*

Desde fai máis de 15 anos, desde o ano 1995, o I.E.S Cidade de Antioquía (Xinzo de Limia-Ourense) ven participando no Programa Europeo Interreg, que se desenvolve entre rexións fronteirizas de países da Unión Europea. No momento actual contan con varias instalacións funcionando (placas fotovoltaicas, reactor para producir biodiesel, lagoa de fitodepuración, etc.) que son o produto de anos de colaboración con outros países europeos, entre os que se atopa Portugal. No IES Cidade de Antioquía levan varios anos pondo en marcha un Proxecto que titulan o Centro enerxéticamente autónomo no que se pretende dar a coñecer, de maneira tanxible, o aproveitamento enerxético a partires de enerxías renovables.

O profesorado e alumnado portugués co que participan activamente nestes anos pertencen a Escola Profissional de Agricultura e desenvolvemento Rural de Ponte de Lima no norte de Portugal.

Varios son os motivos que os levaron a integrarse no Programa Interreg:

- Coñecer o funcionamento e o sistema de ensino portugués en especial nos centros de formación profesional de agricultura.
- Intercambiar experiencias formativas entre o profesorado galego e portugués.
- Realizar estadias formativas de alumnos galegos en empresas portuguesas.
- Intercambiar e facer un día de convivencia entre o alumnado da Escola de Ponte da Lima e o noso centro, o I.E.S. Cidade de Antioquía.
- Por en marcha proxectos de investigación como son a lagoa de fitodepuración de augas residuais e o reactor de biodiesel.

Despois de realizar algunhas reunións co fin de marcar as liñas directrices do traballo a desenvolver marcaron como obxectivos específicos os seguintes:

- Coñecer como desenvolven o seu traballo as escolas profesionais agrarias portuguesas.
- Dar a coñecer o noso sistema e a nosa organización educativa.
- Favorecer as relacións entre o alumnado dos dous países.

**G.I. GEFIL**

*Antonio Rial Sánchez (coord..)*

*Antonio Vara Coomonte*

*Elisa Jato Seijas*

*María José Méndez Lois*

*María del Carmen Sarceda Gorgoso*

*Elisa Teresa Zamora Rodríguez*

*María del Mar Sanjuán Roca*

*Raquel Mariño Fernández*

*María Luisa Rodicio García*

*María del Pilar Carnota Carneiro*

*Margarita Valcarce Fernández*

*Francisco José Manuel Silvosa Costa*

*Laura Rego Agraso*

# PROXECTO INTERREG

## IES CIDADE DE ANTIOQUÍA DE XINZO DE LIMIA (OURENSE)

- Desenvolvemento de estadias formativas do noso alumnado en empresas portuguesas relacionadas co sector forestal.
- Intercambiar experiencias entre profesores portugueses e galegos.
- Desenvolver un proxecto de investigación no que colaboren os dous países (Portugal e España), a través dos dous centros.

Durante os anos dos programa Interreg e a súas prorrogas (Interreg III-A) moitas e variadas foron as actividades que levaron a cabo entre os dous centros. A continuación expóñense as principais.

- Intercambios de profesorado. Profesorado portugués realizou cursos organizados polo C.F.R. (Centro de Formación e Recursos) de Vigo relacionados coa prevención de riscos laborais. Pola súa banda o centro portugués desenvolveu diferentes xornadas sobre a conservación dos recursos agrogandeiros.
- Estadias en empresas portuguesas. Varios alumnos/as do centro galego do C.S. de Xestión dos Recursos Naturais e Paisaxísticos realizaron prácticas en empresas portuguesas, destacando a colaboración de “Viveiros do Cábado”.
- Intercambio entre alumnos/as portugueses e galegos. Durante diferentes cursos académicos desenvolvéronse xornadas de intercambio cultural nas que se recibiu, en Galicia, ao alumnado e profesorado de Ponte da Lima. Neses intercambios realizáronse visitas a explotacións agrogandeiras, visitas ao Centro de Conservación de Recursos Zootécnicos de Galicia (Fontefiz) ademais de visitas puramente culturais aos monumentos máis destacados da nosa contorna. As visitas a Ponte da Lima desenvolvéronse do mesmo modo.
- Proxectos de Investigación.
  - a) Proxecto de elaboración de biodiesel a partir de aceite vexetal usado.

No proxecto púxose en marcha un pequeno reactor para a produción de biodiésel a partir de aceite vexetal usado (en diante A.V.U.). Todo o alumnado a principio de curso recibe unha charla (coa colaboración do

Departamento de Bioloxía) na que se lle expoñen os problemas ambientais derivados dunha incorrecta eliminación de A.V.U. (eutrofización dos ríos, asfixia da fauna acuícola, contaminación de acuíferos en xeral, etc.).

- b) Proxecto de investigación para a depuración de augas residuais con plantas acuáticas. Instalouse no centro de Xinzo de Limia, na finca de prácticas, un pequeno campo de ensaio. Construíuse unha lagoa na que se aportou auga do canal de Xinzo de Limia de maneira continua. A mesma sométese a fitodepuración usando plantas acuáticas (FMF: Filtro de macrofitas flotantes).

Como conclusión cómpre indicar que o desenvolvemento do Programa Interreg aportou a toda a comunidade educativa do IES Cidade de Antioquía unha experiencia que supera a docencia regrada, pois ademais dos coñecementos que se adquiriron, o alumnado e o profesorado tivo a oportunidade de compartir experiencias, mellorouse o desenvolvemento do traballo en grupo e borrouse, totalmente, esa liña imaxinaria que separa Galicia e o Norte de Portugal. De feito, tanto o profesorado como o alumnado de Xinzo de Limia, afirman manter relación cos compañeiros e compañeiras de Ponte de Lima, e regularmente fan un oco para intercambiar experiencias, información ou simplemente tempo.

Por outra banda, Interreg permitiulles por en marcha proxectos que sen o orzamento que facilitan este tipo de programas serían imposibles de levar a cabo.

O grupo de profesores/as españois participantes está conformado por: Ramón Álvarez Barbeito, José Rodríguez López, Yolanda Matos Caridad, Ángel Barrio Fernández, Marcos Álvarez Veloso e Rubén Garrido Rivero. A este último o noso agradecemento por compartir con nós a información coa que se elaborou o relato desta experiencia educativa.

O grupo de profesores/as portugueses participantes está conformado por: Agostinho Martins, Joaquín Amancio Vieira Cerqueira, María Adelina López e Petrus Raekas.



## PROPOSTAS EDUCATIVAS

*IP: Elena Fernández Rey*

Próxima publicación:

**Sobrado, L. M.; Fernández, E. e Rodicio, M. L. (2012). Orientación educativa: Nuevas Perspectivas. Madrid: Biblioteca Nueva.**

A Orientación Educativa aparece como unha materia indiscutible e imprescindible para axudar aos suxeitos a desenvolverse integralmente e a asumir os retos que estes novos parámetros representan.

Os cambios aos que se viu sometida esta disciplina nos últimos anos, obrígnanos a unha aproximación actualizada á realidade tanto en ámbitos académicos e formativos como sociais. É por iso que esta publicación presenta unha achega teórica e práctica a devandita situación dirixida a profesionais do ámbito ou a futuros orientadores, para contribuír con iso a dar resposta a algúns dos interrogantes expostos e a satisfacer as necesidades emerxentes de todos e cada un dos sectores implicados, auspiciados ademais do exposto anteriormente, pola converxencia europea no seo do Ensino Superior que leva un cambio nas formulacións, contidos e métodos de traballo.

**Sobrado, L. M. e Ceinos, C. (2011). Tecnologías de la información y comunicación: Uso en Orientación Profesional y en la Formación. Madrid: Biblioteca Nueva.**

Na análise da sociedade actual, da información e do coñecemento precísase o impulso do desenvolvemento da formación e orientación e a súa conexión

coas Tecnoloxías da Información e da Comunicación(TIC).

A obra contempla unha serie de temáticas de interese relevantes na sociedade e educación actuais, como son as funcións das TIC: Os grandes retos da sociedade de hoxe (alfabetización e brecha dixital), a formación e orientación permanentes; o rol destas como axente de cambio estratéxico; a súa repercusión e aplicacións no escenario formativo e orientador; a influencia das competencias tecnolóxicas na función educativa e asesora; o mapa das competencias nas TIC e as habilidades dos profesionais de Formación e Orientación neste ámbito.

**Asistencia ao 3º workshop do Proxecto Development and Implementation of Common Bachelors Degree Programm in the European Context: (DICBDPEC-Erasmus Multilateral Projects).**

Os obxectivos principais do mesmo son:

1. Harmonización da educación superior e de formación de posgrado para a orientación da carreira nos países socios,
2. Asegurar a transparencia dos sistemas nacionais existentes de formación de orientadores da carreira, para mellorar o recoñecemento das súas cualificacións e o apoio á mobilidade internacional dos estudantes e dos graduados.
3. Mellorar a calidade na educación superior e a súa maior internacionalización, así como o emprego dos graduados de educación superior nos mercados de traballo nacionais e internacionais.

**G.I. DIOEP**

*Elena Fernández Rey (coord.)*

*M<sup>a</sup> Cristina Ceinos Sanz*


*Ana I. Couce Santalla*

*Rebeca García Murias*

*Miguel Ángel Nogueira Pérez*

*Luis Martín Sobrado Fernández*

*Silvia Vázquez Bargiela*



## ACTIVIDADES DE INTERESE

**Congreso Internacional Multidisciplinar de Investigación Educativa (CIMIE) Barcelona, 5 y 6 de julio** <http://amiedu.org/>

**5 y 6 Julio, Congreso Internacional AMIE. Barcelona** <http://amiedu.org/>

*Os congresos internacionais anuais (CIMIE) terán dúas xornadas intensivas de duración. O primeiro día terá a súa énfase nas disciplinas e/ou áreas. Na última parte dese primeiro día haberá debates con axentes sociais sobre o tipo de investigación que necesitan. O segundo día terá a súa énfase en temas abordados interdisciplinariamente: Xénero, Inmigración, Educación infantil, Educación social, Políticas educativas.*

**XV Congreso Nacional y V Iberoamericano de Pedagogía. “Entre generaciones: educación, herencia y promesa”. Burgos, 4 – 7 de julio de 2012.**

<http://2012.congresodepedagogia.com/>

*As seccións en que se estrutura o Congreso enfocan o tema desde as diferentes perspectivas pedagóxicas, en particular desde a teoría, a historia, os métodos de investigación e diagnóstico, a didáctica e a organización. Xunto a iso, cóntase con achegas valiosas desde a Psicoloxía e a Socioloxía e calquera outro*

*ámbito científico cuxo obxecto de estudo sexa a educación, así como aquelas experiencias e prácticas escolares susceptibles de xeneralización e merecedoras da súa difusión e extensión.*

**IX congreso Internacional de Universidades y Educación Especial. Puerto Real (Cádiz). 27, 28 y 29 de marzo de 2012.** <http://www.uca.es/evento/ee2012>

*Este é fundamentalmente un congreso universitario que fai fincapé en que a educación inclusiva é XA unha realidade. O é en escolas de todo o mundo, tamén o é no ámbito asociativo e forma parte dos currículos universitarios. Se en edicións anteriores o foco de atención explorou elementos fundamentais para o desenvolvemento dunha educación inclusiva, neste quérese apostar pola educación inclusiva en contexto. Isto é, focalizar a mirada cara ás PRÁCTICAS. A educación inclusiva alcanzou unha madurez importante, xa que se consolida como realidade pedagóxica, psicopedagóxica e socioeducativa. Este congreso pretende, ademais de facer emerxer prácticas inclusivas valiosas, abrir espazos de diálogo e intercambio entre a escola, o mundo asociativo, as familias e a universidade, como principais axentes que a impulsan e desenvolven.*

**ECER 2012. “The need for Educational Research to champion Freedom, Education and Development for All”. Cádiz, 17 – 21 de setembro de 2012.** <http://www.eera-ecer.eu/>

*Ante os eventos xurdidos ao inicio deste novo milenio (crise económica, crecente migración, influencia de Internet...) xurde a necesidade de reflexionar sobre o papel da investigación educativa como medio para garantir e facer respectar a liberdade e promover a educación e o desenrolo integral dos cidadáns de todo o mundo.*

*No ECER 2012 vaise analizar, entre outros temas, a tendencia de algúns gobernos e organismos transnacionais de perda de interese na investigación educativa*

## NOVIDADES EDITORIAIS

Aguado, T. (coord.) (2010). *Diversidad cultural y logros de los estudiantes en educación obligatoria*. Madrid: Ministerio de Educación.

Alonso Arenal, S. (coord.) (2010). *Didáctica de las Ciencias Sociales para la Educación Primaria*. Madrid: Pirámide.

Bermejo, B. (coord.) (2011). *Manual de didáctica general para maestros de Educación Infantil y de Primaria*. Madrid: Pirámide.

Calero, J. (dir.) (2010). *El rendimiento educativo del alumnado inmigrante analizado a través de PISA 2006*, Madrid: Ministerio de Educación.

Cebrián de la Serna, M. e Gallego Arrufat, M.J. (coords.) (2011). *Procesos educativos con TIC en la sociedad del conocimiento*. Madrid: Pirámide.

Cerezo Ramirez, F., Calvo Ángel, R. e Sánchez, C. (2010). *PROGRAMA CIP. Intervención psicoeducativa y tratamiento diferenciado del bullying. Concienciar, Informar y Prevenir*. Madrid: Pirámide.

Ferrero, L. (2011). *Jaque a las matemáticas*. Madrid: La Muralla.

Leiva Olivencia, J.J. e Borrero López, R. (2012). *Interculturalidad y Escuela. Perspectivas pedagógicas en la construcción comunitaria de la escuela intercultural*. Barcelona: Octaedro.

Lorenzo Delgado, M. (2011). *Organización de centros educativos. Modelos emergentes*. Madrid: La Muralla.

Martos, J.J. et al. (2011). *Diálogos interculturales: lenguas, literatura y sociedad*. Barcelona: Anthropos.

Pereira, R. (2011). *Adolescentes en el Siglo XXI. Impotencia, resiliencia y poder*. Madrid: Morata.

Perrenoud, P. (2011). *Diseño, desarrollo e innovación del currículum*. Madrid: Morata.

Simons, H. (2011) *El estudio de caso: Teoría y práctica*. Madrid: Morata.

Solé, Carlota (2011). *Inmigración y ciudadanía*. Barcelona. Anthropos.

Soriano Ayala, E. (ed.) (2011). *El valor de la educación en un mundo globalizado*. Madrid: La Muralla.

Suárez Yáñez, A. (2011). *El diagnóstico pedagógico*. Madrid: La Muralla.

Torrás de Beá, E. (2011). *Dislexia. Una comprensión de los trastornos de aprendizaje*. Barcelona: Octaedro.

Vieira, R. (2011). *Educação e diversidade cultural*. Leiria: Afrontamento.



## LEXISLACIÓN EDUCATIVA

Ofrecemos as novidades referentes á lexislación educativa aparecidas nos últimos meses tanto a nivel europeo, como nacional ou autonómico.

DECRETO 188/2011, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en proxectos de edificación. Mércores 5 de outubro de 2011

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111005/AnuncioC3F1-210911-6557\\_gl.pdf](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111005/AnuncioC3F1-210911-6557_gl.pdf)

ORDE do 4 de outubro de 2011 pola que se resolve a convocatoria de subvencións para o cofinanciamento do Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia para o ano 2011. Venres 7 de outubro de 2011 nº193

[http://www.educared.org/global/buscador-legislativo/uploads/20111007\\_galicia\\_re\\_suelta\\_convocatoria\\_de\\_subvenciones\\_para\\_apertura\\_de\\_centros\\_fuera\\_del\\_horario\\_lectivo.pdf](http://www.educared.org/global/buscador-legislativo/uploads/20111007_galicia_re_suelta_convocatoria_de_subvenciones_para_apertura_de_centros_fuera_del_horario_lectivo.pdf)

ORDE do 8 de setembro de 2011 pola que se autorizan novos centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso 2011-2012. Luns 10 de outubro de 2011

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111010/AnuncioC3F1-031011-7054\\_gl.pdf](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111010/AnuncioC3F1-031011-7054_gl.pdf)

RESOLUCIÓN do 25 de novembro de 2011, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se publica o Plan Xeral de Actuación da Inspección Educativa para o curso 2011-2012. Martes 13 de decembro de 2011

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111213/AnuncioC3F1-011211-9436\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111213/AnuncioC3F1-011211-9436_gl.html)

RESOLUCIÓN do 30 de novembro de 2011, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao curso 2011-2012

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111213/AnuncioC3F1-021211-9469\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111213/AnuncioC3F1-021211-9469_gl.html)

## VINDEIRAS ACTIVIDADES DA REDE RIES

- ❖ Visita do prof. M. Suárez-Orozco da Universidade de Nova Iorque, especializado en inmigración, no vindeiro mes de xuño para participar nas actividades da Rede.
- ❖ Creación da plataforma web da Rede a cargo da profa. B. Cebreiro López do GI TEC\_EDUC.
- ❖ A profa. M. Pino Juste do GIGIES colaborará coa Radio Municipal do Concello de Tui participando nun espazo de debate e reflexión sobre cuestións actuais de gran relevancia pedagóxica.
- ❖ Os Grupos de Investigación DIOEP e Escolca organizarán dous seminarios para o vindeiro mes de marzo que versarán sobre “Delincuencia Xuvenil e Violencia Filio-Parental: a Intervención Psicopedagóxica” e “Programa de Prevención da violencia da parella: “La Máscara del Amor”.
- ❖ Organización de sendos cursos de verán a cargo dos Grupos de Investigación DIOEP e Escolca.